CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Puntuación do 30% do valor do criterio de avaliación.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Puntuación do 30% do valor do criterio de avaliación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.</li> <li>- Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Actividades físico-deportivas no medio natural e urbano.	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Puntuación do 10% do valor do criterio de avaliación.		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Puntuación do 10% do valor do criterio de avaliación.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Puntuación do 10% do valor do criterio de avaliación.		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Puntuación do 10% do valor do criterio de avaliación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Novos espazos e prácticas deportivas.</li> <li>- Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> <li>- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.</li> <li>- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar vai depender dos contidos que se traten en cada sesión e do nivel educativo dos/as alumnos/as. Entre as principais orientacións metodolóxicas da materia atopamos:

- A Educación Física nesta etapa terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- Nesta etapa educativa a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o compromiso motor do alumnado, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As sesións van ser maioritariamente prácticas, e unicamente haberá breves explicacións teóricas cando se desenvolvan os contidos conceptuais. Isto non quere dicir que haxa sesións teóricas, senón que se aproveitarán as sesións prácticas para impartir estes contidos. O que se busca é a maior interrelación posible entre os tres tipos de contidos, para evitar que os alumnos os interpreten como compartimentos estanco, sen relación entre eles. Ademais, se os alumnos ven unha relación directa entre os contidos conceptuais e os procedementais e actitudinais, integraranos máis facilmente e atoparanlle un sentido a todas as ensinanzas que reciben na nosa materia.

Sempre que sexa posible, as actividades serán deseñadas de maneira que o profesor non estableza todos os condicionantes, deixando algunha toma de decisión ao alumnado. Desta maneira conseguimos achegar as actividades aos intereses do alumnado, e así incrementar a súa motivación cara á materia. Evidentemente, esta situación vaise dar con maior frecuencia no segundo ciclo da ESO, xa que as/os alumnas/os teñen un nivel máis alto de coñecementos e unha maior responsabilidade.

Tendo en conta o exposto anteriormente, levarase a cabo un proceso de ensino-aprendizaxe que favoreza situacións de interacción, dado que as aprendizaxes motoras se producen mediante interaccións do educando consigo mesmo, co seu ámbito, cos/coas compañeiros/as e co profesor. Debemos propoñer actividades que supoñan un esforzo e un reto axeitado ás capacidades do alumnado. O profesor ha de estimular, suxerir, orientar, controlar o risco, achegar ideas e posibilidades, etc., pero o alumnado ha de ser e saber ser o protagonista da súa propia acción motora.

O Departamento de Educación Física avoga polo eclecticismo metodolóxico, pois os diferentes métodos, estratexias e estilos de ensinanza complementáanse mutuamente. En consecuencia nas nosas propostas basearémonos nas teorías da aprendizaxe motor no procesamento da información, así coma no concepto de variabilidade na práctica.

A metodoloxía na área de Educación Física terá en conta os principios seguintes:

1. Permitirá axustar as propostas ao ritmo de cada alumno. Non se baseará en propostas de traballo que fixen unha meta ou marca igual para todos. As propostas deben coñecer a realidade da que parte cada alumna/o e permitir que sexa desenvolvida en función das súas posibilidades. A proposta ha de ser a actividade en si mesma, non o resultado.
2. O alumnado será o protagonista da súa propia acción. Partiremos da propia necesidade de actividade da/o alumna/o para ir canalizando esta, ata obter obxectivos educativos. Non podemos basear a proposta de traballo en repeticións de modelos, nin en deixar facer o que queiran, senón mediante métodos activos facer que o alumnado se sinta protagonista da súa propia actividade.
3. Favorecerá o traballo en equipo, fomentando o compañeirismo e a cooperación. Ha de evitarse a competitividade extrema. A competición debe entenderse como a superación dunha dificultade e como unha forma lúdica de relación con outros/as compañeiros/as, que non deben ser considerados como uns rivais a quen gañar. Só se se entende así, a competición estará a desenvolver a socialización a través do xogo e a práctica deportiva.
4. Deberá favorecer a autoaprendizaxe, de maneira que sexa capaz de resolver formulacións motoras, organizar o seu propio traballo, constatar e comprobar, en si mesmo, a mellora tanto nas súas actitudes coma nas súas habilidades e destrezas.
5. Proporá aglutinar, nun só proceso, as técnicas, habilidades e destrezas propias da Educación Física. Deberá ter unha formulación cualitativa, non cuantitativa. Non hai, polo tanto, unha resposta motora única, senón que hai unha mellora da actividade motora con relación ao punto de partida. As diferenzas en canto a sexo ou a calquera condición inherente ao individuo non poden ser criterios para a agrupación ou asociación de tarefas.
6. O xogo ocupará unha parte importante na actividade do alumno. Co obxectivo de crear hábitos estables de práctica deportiva, as propostas de actividades presentaranse, na medida do posible, como xogos nos que todos participan de xeito espontáneo. Hai que coidar tanto o contido da proposta de traballo como a forma de presentala, de modo que sexa atractiva e divertida, estimulando a participar.
7. As propostas de actividades tentarán estimular a creatividade do alumnado, fuxindo de modelos fixos estereotipados ou repetitivos.
8. As tarefas que se propoñan serán abertas ou semiabertas naqueles contidos máis axeitados para fomentar a creatividade como a expresión corporal, os xogos cooperativos e os deportes. As tarefas pechadas utilizaranse nos momentos onde se queira iniciar unha aprendizaxe específica ou exista un certo risco de lesionarse.
9. Os agrupamentos serán, sempre que a actividade o permita, en pequenos grupos, buscando os valores do traballo cooperativo. Buscarase a diversidade nos grupos, sempre coa premisa que para atender á diversidade hai que vivila polo que serán o máis heteroxéneos posibles (xénero, nivel de habilidade, características físicas,...).
10. Relacionaremos os novos contidos cos xa coñecidos polo alumnado, de forma que os contidos se adquiren pola reestruturación dos anteriores, propiciando unha aprendizaxe significativa. Quérese acadar o desenvolvemento integral do individuo, e que este sexa capaz de desenvolverse na sociedade dunha



maneira autónoma, utilizarase para isto unha metodoloxía predominantemente global, en todo momento buscamos metodoloxías activas, baseadas en estilos non directivos (resolución de problemas, ensinanza recíproca, descubrimento guiado) e buscando que pouco a pouco o alumnado vaia adquirindo maiores responsabilidades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Para as sesións prácticas utilizarase as instalacións deportivas e o material deportivo que posúe o centro e que proceda en cada momento. As instalacións coas que conta o centro son:

- 1 pista descuberta de forma irregular (longo entre 30 m e 64 m, ancho entre 20 m e 30 m), cunha zona con postes de voleibol sen marcación de liñas e dúas zonas con canastras de baloncesto sen marcación de liñas; esta pista é utilizada para as clases de Educación Física e os recreos de Educación Primaria, que coinciden co horario lectivo da ESO;
- 1 pista descuberta de 40 m x 20 m, cunha zona (20 m x 16 m) con 2 porterías de balonmán/fútbol sala sen marcación de liñas; esta pista é utilizada para os recreos de Educación Infantil e Educación Primaria, que coinciden co horario lectivo da ESO;
- 1 ximnasio de 19 m x 7,5 m, cunha canastra.

Ademais, é posible utilizar o polideportivo municipal, anexo ao centro, que conta cunha pista de 40 m x 20 m, con porterías de balonmán/fútbol sala e 4 canastras.

O material deportivo que hai no centro consiste en balóns, pelotas, sticks, bates, raquetas, redes, postes, colchonetas, cordas, conos, pesos, discos, picas, valos de atletismo, bancos, equipo de música e outro material. Para o desenvolvemento dos contidos conceptuais non haberá libro de texto oficial en ningún dos cursos. O material para os contidos conceptuais estarán dispoñibles na aula virtual ou na plataforma Edixgal, sen que supoña custe económico para o alumnado. Tamén se utilizarán a aula virtual e a plataforma Edixgal para facilitar información sobre os contidos prácticos e a elaboración de traballos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As primeiras semanas do curso realizarase a avaliación inicial, que terá como obxectivo detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022-23 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave. Levarase a cabo a través de cuestionarios escritos, sobre os contidos conceptuais, e mediante probas prácticas nas que se valore o nivel de condición física ou o dominio das habilidades específicas.

En función dos resultados, cando se detecten dificultades individuais, desenvolveranse actividades de apoio ou reforzo, ou, nos casos máis graves, valorarase a necesidade de realizar unha adaptación curricular.

Cando se detecten dificultades que afecten ao grupo no seu conxunto, adaptaranse os contidos e as actividades ao nivel do grupo, ao mesmo tempo que se desenvolven actividades de apoio ou reforzo.

Así mesmo, ao comezo de cada unidade didáctica tamén se realizará unha avaliación inicial se. Poderase levar a cabo a través de cuestionarios (escritos ou orais) sobre os contidos conceptuais e mediante probas prácticas. A información conseguida servirá para coñecer cales son os contidos máis descoñecidos polos alumnos e que nivel de práctica teñen alcanzado.

Como información complementaria á obtida na avaliación inicial realizada nas clases, entregarase un cuestionario de saúde para que sexa cuberto polos pais/nais ou polos titores legais dos/as alumnos/as co obxectivo de coñecer do estado físico do alumnado e, no caso de que exista algún problema de saúde, se poidan realizar as correspondentes adaptacións curriculares individuais que garantan unha correcta e segura práctica das actividades físico-deportivas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>23</b>	<b>19</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>1</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	28	34	0	0	0	0	0	0	<b>13</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	72	66	100	100	100	100	100	100	<b>87</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación que cada alumna/o obtén nas avaliacións parciais será a suma da puntuación obtida en cada criterio de avaliación, dividida polo valor de todos os criterios de avaliación avaliados e multiplicando este valor por 10:

Cualificación = Puntuación obtida / Valor dos criterios de avaliación avaliados x 10.

En cada avaliación parcial terase en conta a puntuación obtida en todos os criterios de avaliación que foron avaliados ata ese momento.

Para poder aprobar a materia hai que cumprir dous requisitos:

- obter unha cualificación igual ou superior a 5;
- obter a puntuación mínima naqueles criterios de avaliación que a teñan establecida.

### Criterios de recuperación:

O sistema de cualificación está deseñado para valorar de forma continua as aprendizaxes do alumnado, polo que non se contempla un exame final de recuperación. Aqueles/as alumnos/as que ao longo do curso non consigan obter unha cualificación igual ou superior a 5 ou non acaden a puntuación mínima nalgún criterios de avaliación, poderán realizar de novo algunhas probas de avaliación para que consigan cumprir os requisitos para aprobar a materia. Co alumnado afectado nestes casos procurárase aplicar un “seguimento personalizado” e un “asesoramento continuado” na procura do seu éxito na materia.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación das materias pendentes incluírá dous procedementos complementarios: actividades de recuperación e exames. Os contidos sobre os que se elaborarán as actividades de recuperación e os exames serán os que figuren na Programación Didáctica relativos á materia que o alumno ten pendente.

### A) Actividades de recuperación.

Estarán enfocadas a que os alumnos adquieran os contidos non acadados nos cursos anteriores así como reforzar os contidos que xa adquiriran. Estas actividades de recuperación serán voluntarias para as/os alumnas/os e levaranas a cabo fóra do horario lectivo.

Para poder facer un seguimento da evolución das aprendizaxes dos alumnos, estes deberán presentar periodicamente aos profesores os traballos realizados, para a súa revisión e corrección.

### B) Probas de avaliación.

- Exame de contidos conceptuais. Deberán realizar un exame de toda a materia. Este apartado vale 3 puntos.

- Probas prácticas. Deberán realizar varios exames prácticos dos contidos do curso. Este apartado vale 7 puntos.

Para poder aprobar a materia hai que cumprir dous requisitos:

- obter unha nota igual ou superior a 5 na cualificación global, calculada segundo as indicacións que figuran máis arriba;
- obter unha puntuación mínima do 30% da nota máximan en cada proba ou exame.

No caso de que os contidos do curso actual sexan progresivos con respecto aos do curso que a/o alumna/o ten suspenso, as probas de avaliación do curso actual poderán ser tidas en conta, substituíndo as probas de avaliación da materia pendente, sempre que favoreza á/ao alumna/o.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Debido ás enfermidades ou doenzas que poidan ter os alumnos, e que lles imposibiliten total ou parcialmente a práctica de actividades físicas, deberá facerse unha adaptación das actividades programadas.

No caso de enfermidades e lesións leves, non será necesario variar as actividades previstas, senón unicamente modificar a intensidade, o ritmo de execución ou a amplitude do movemento.

No caso de enfermidades ou lesións graves, haberá que realizar unha adaptación curricular. Nestas adaptacións curriculares buscarase que os alumnos poidan acadar o maior número posible dos obxectivos previstos e que se integren o máximo posible na dinámica das sesións de Educación Física.

Do mesmo xeito, realizaranse tamén adaptacións curriculares a aqueles alumnos que teñan unha dificultade manifesta para a comprensión e asimilacións dos contidos conceptuais, sen esquecer ao alumando afectado por dislexia ou TDAH, aos que se lles aplicarán as medidas adecuadas para facilitar a atención e comprensión dos contidos conceptuais, así como as adaptacións correspondentes nos exames escritos.

Por outra banda, tamén cómpre realizar adaptación das actividades realizadas nas clases para aqueles alumnos que amosen unhas altas capacidades e que o ritmo de aprendizaxe ou a dificultade das actividades propostas lles poida ocasionar desmotivación.

### Sistema de cualificación

Cando un/unha alumno/a ten unha enfermidade ou lesión non permanente (non se elaborou unha adaptación curricular) que lle impida realizar algunha proba práctica, pode haber dúas situacións:

- 1) A enfermidade ou lesión é de curta duración e a/o alumna/o vai poder realizar a proba práctica pendente antes de rematar o curso. Neste caso aplicarase o sistema de cualificación xeral.
- 2) A enfermidade ou lesión é de longa duración e a/o alumna/o non vai poder realizar a proba práctica pendente antes de rematar o curso. Neste caso aplicarase o sistema de cualificación xeral, pero tendo en conta unicamente os criterios de avaliación que puideron ser valorados.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X						
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X						
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X			X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X						
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X	X						X
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X						
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE			X	X	X	X	X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta de sendeirismo.	Realización dunha ruta de sendeirismo para desenvolver os contidos da Unidade Didáctica 8 ¿ Actividades físicas no medio natural e urbano¿			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades propostas conseguen implicar ao alumnado.
O nivel de dificultade das actividades é adecuado ás características do alumnado.
Utilízanse distintos instrumentos de avaliación, resultando adecuados aos contidos impartidos.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Metodoloxía empregada
O deseño das actividades crea un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.
As actividades seleccionadas e a metodoloxía empregada atenden axeitadamente á diversidade do alumnado.
Relaciónanse as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Promóvese a reflexión dos temas tratados.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas de avaliación.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os contidos seleccionados favorecen a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Ofrécese a cada alumno ou alumna as explicacións individualizadas que precisa.
Lévanse a cabo medidas de apoio e reforzo coa alumando que as precisa.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación docente co resto da comunidade educativa.
Outros
Valórase axeitadamente o traballo participativo do alumnado.
Infórmase ao alumnado sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas de avaliación.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Préstase atención ao desenvolvemento dos elementos transversais.

### Descrición:

Os datos obtidos mediante os procedementos utilizados para avaliar ao alumnado tamén nos achegan información sobre o desenvolvemento da programación. Con eses datos, as reflexións do profesor sobre o seu labor docente, as opinións dos alumnos e a percepción do profesor dos intereses e actitudes dos alumnos, obteremos información que nos permitirán avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ademais da información que se obtén ao longo do curso (do profesorado e do alumnado) sobre o desenvolvemento da programación, os resultados académicos finais tamén achegan información sobre a necesidade de modificar a programación.

Cando os resultados non sexan os esperados, tendo en conta o nivel de partida do alumnado, revisarase a metodoloxía empregada e as actividades de aprendizaxe realizadas, para valorar se foron as máis adecuadas ás características do alumnado.

Así mesmo, tamén se terán en conta a aprobación de novas normativas por parte das administracións educativas, novas tendencias que xurdan no eido da Educación Física e a dispoñibilidade de novas instalacións e/ou equipamentos deportivos.

A avaliación da programación didáctica realizarase en función dos aspectos que se especifican a continuación:

- cumprimento da temporalización;

- idoneidade das actividades de aprendizaxe;
- medidas adoptadas en función das dificultades atopadas;
- utilización de material e recursos didácticos;
- información ao alumnado e coñecemento de resultados;
- instrumentos de avaliación empregados.

## **9. Outros apartados**